

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 6 de outubro de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración ambiental estratéxica correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal, solo urbanizable industrial, no concello de Ribeira (expediente 2017AAE2123; código 2018/2017).

De acordo co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, faise pública a Resolución do 6 de outubro de 2020 pola que se formula a declaración ambiental estratéxica correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, sobre a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal, solo urbanizable industrial, no concello de Ribeira.

Esta declaración ambiental estratéxica pódese consultar no seguinte enderezo da internet: <https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2020

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

